



ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
XGL/2017/22	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	2 de maio de 2017
<b>Duración</b>	Desde as 20:06 ata as 20:52 horas
<b>Lugar</b>	SALA DE SESIÓNS
<b>Presidida por</b>	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
<b>Secretario</b>	BERTA ALONSO SOTO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77010633D	ANDRÉS GARCÍA BASTÓN	SÍ
53171075C	EVA RODRÍGUEZ CALVAR	NON
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	NON
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	NON
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	NON
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSÉ MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNXELA VIZOSO MARCOS	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.



**A) PARTE RESOLUTIVA**

**Aprobación da acta da sesión anterior realizada o día 17 de abril de 2017**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada o día 17 de abril de 2017.

**Expediente 2502/2017. Proposta informe policial 551/17 (SINALIZACIÓN)**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

Nº REX.: 551/17

**SINALIZACIÓN EN DIFERENTES RÚAS DO CONCELLO**

O departamento de sinalización por medio do presente fai constar:

Que por parte de este departamento procedeuse a sinalizar as seguintes rúas con sinais verticais e horizontais.

Avda. de Pontevedra: sinais verticais de stop e límite de velocidade a 30 km/hora, sinais horizontais delimitando a calzada e regulación do cruce coa estrada a Aldán. Pintado do Camiño Vello de San Roque con sendeiro peonil, delimitación da rúa con sinalización horizontal e limitación de velocidade a 30 km/hora.

Cima de Vila: pintado das rúas con sinalización horizontal delimitando ás beirarrúas. Sinalización vertical e horizontal de stop no Cruce da Cruz de Castro, limitación de velocidade a 30 km/hora.

Barrio de Gandón: sinalización horizontal delimitando as beirarrúas con sinalización vertical de limitación de velocidade a 30 km/hora.

As Barreiras de Darbo: sinalización horizontal delimitando as beirarrúas, sinalización vertical e horizontal de sinais de stop, pintado do cruce das Barreiras con baixada a Santa Marta con balizas de sinalización.

Santa Marta: pintado delimitación de beirarrúas.

En Donón: sinalización horizontal delimitando as beirarrúas, regulación do cruce que existe no centro da aldea con sinal horizontal e vertical de stop, sinais verticais de regulación de velocidade a 20 km/hora e sendeiro peonil ao marxe dereito.



**Expediente 1917/2017. Licenza urbanística de obras maiores**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE 1917/2017 (25.223).- Outorgar licenza de obra a A.M.L., con enderezo a efectos de notificacións en Pinténs, nº 2-O Hfo, titular do DNI 78731205C, para obras de regularización e finalización de vivenda sita en Pinténs, nº 49, de conformidade co proxecto básico e de execución elaborado polo arquitecto R.S.S., visado en data 06.11.2015; ordenanza de aplicación SNUN e CA. A licenza outorgarase condicionada a que antes do inicio das obras deberá presentar oficio co nomeamento do director de obra e de execución destas e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza. O presuposto de execución material ascende a cincuenta e un mil trescentos sesenta e oito euros con oitenta e oito céntimos (51.368,88 €).

Acéptaselle a fianza depositada na Tesourería municipal en data 18 de abril de 2017 por importe de dous mil noventa e catro euros (2.094,00 €).

**Expediente 1093/2017. Licenza de obras**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 1093/2017.- A R CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA, SA, con domicilio a efectos de notificacións en rúa Real, nº 85-15003-A Coruña, para no lugar da Avda. Montero Ríos-Estación de Autobuses, conceder licenza de obras para executar una canalización soterrada de servizo de telecomunicacións por cable de 36,00 ml., e arqueta, vistos os informes emitidos pola Axencia Galega de Infraestruturas da Consellería de Infraestruturas e Vivenda de data 27.10.2016, no que só se autorizou a ir pola beirarrúa e situar a arqueta na beirarrúa e non contempla ningún cruce de calzada nin a canalización pola zona da estrada asfaltada desta, debido a documentación aportada, polo que, calquera trazado diferente do autorizado deberase poñer en coñecemento da Axencia Galega de Infraestruturas da Consellería de Infraestruturas e Vivenda para a súa avaliación e posterior autorización cos parámetros técnicos intrínsecos a esta e informe da arquitecta municipal de data 12.04.2017.

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo o 15 de setembro.

Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa.

Deberá regular o tráfico durante as obras.

Non se permiten reposicións parciais.

Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:



**Concello de Cangas**

\*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederáse por parte da empresa a reasfaltar un carril.

\*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da gabia.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo artigo 43.1 da Lei 8/2012, de vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

**Expediente 2343/2017. Licenza de obras**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE N° 2.343/2017.- Conceder, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obras a C.R.B.C., con enderezo a efectos de notificacións en Estrada a Couso-Vilanova, n° 185-O Hío, para en solo non urbanizable de protección de costas e de espazos naturais, obras para reforzo e defensa de dique - defensa contra o mar en Punta Couso, de conformidade ca documentación achegada ao expediente e coa autorización do Servizo Provincial de Costas para as obras solicitadas de data 12.12.2016. O presuposto de execución material ascende a douscentos trinta e oito euros (238,00 €).

**Expediente 2362/2017. Prórroga licenza urbanística de obras maiores**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE N° 2.362/2017 (EXPEDIENTE N° 23.866.- LICENZA MUNICIPAL N° 22.871.- A J.M.G.G., con enderezo a efectos de notificacións en rúa Aragón, n° 211-5°A-bloque 1-36206-Vigo, outórgaselle prórroga da licenza solicitada n° 22.871, por un período de trinta e seis meses, de conformidade co previsto no artigo 145 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, visto o informe favorable do arquitecto municipal de data 19 de abril de 2017.

**Expediente 2402/2017. Renuncia licenza de obras**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE N° 20.755 (2402/2017).- LICENZA N° 20.875.- A MONTAJES DARBO SL, con enderezo na rúa Pereiriña, n° 4-Cangas, acéptaselle a renuncia da licenza de obras n° 20.875, concedida para a construción de un edificio en rúa Atranco, n° 22- Coiro, peticiónada mediante escrito de data 18 de abril de 2017, visto o informe do inspector municipal de data 24 de abril de 2017, no que indica que as obras non foron iniciadas. Declárase conclusivo o procedemento e o arquivo do expediente administrativo de referencia.



**Expediente 2401/2017. Renuncia licenza de obras**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 21.945 (2401/2017).- LICENZA Nº 21.367.- A MONTAJES DARBO, S.L., con enderezo na rúa Pereiriña, 4 - Cangas, acéptaselle a renuncia da licenza de obras nº 21.367, outorgada para a construción de unha vivenda unifamiliar en Ourelo- Darbo, peticiónada mediante escrito de data 18 de abril de 2017, visto o informe do inspector municipal de data 25 de abril de 2017, no que sinala que as obras non foron iniciadas. Declárase concluso o procedemento e o arquivo do expediente administrativo de referencia, de conformidade co previsto no artigo 94 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común.

**Expediente 2292/2017. Parcelación urbanística**

**Non hai acordo**

**Motivo:** Falta de tempo

A Xunta de Goberno Local acorda deixar o expediente sobre a mesa para mellor estudo.

**Expediente 2624/2017. Licenza de primeira ocupación**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE 2624/2017 (Expte.: 21343).- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR F.R.F.- A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ao respecto polo arquitecto municipal, con data 18 de abril de 2017, acordou:

a) Outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, a F.R.F., con enderezo a efectos de notificacións na Avda. de Marín, nº 18-5ºA, Coiro-Cangas, para vivenda sita en Vilanova-O Hío, construída ao abeiro da licenza municipal nº 16.906.

**Expediente 2089/2017. Comunicación previa en materia urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 2089//2017.- Dáse conta da comunicación previa presentada por B.C.C., con enderezo a efectos de notificacións en rúa Atranco, nº 12-B-2ºL-Cangas, para obras consistentes en cerramento de terraza no referido lugar, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a dous mil cen euros (2.100,00 €).



**Expediente 1395/2017. Comunicación previa en materia urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 1.395//2017.- Dáse conta da comunicación previa presentada por B.S.S., con enderezo a efectos de notificacións na Avenida de Bueu, nº nº 27-1ºE-Cangas, para a realización de obras consistentes en reparación cuberta e saneamento de fachadas de edificio sito na Avenida da Coruña, nº 57-Cangas, de conformidade coa documentación achegada á solicitude; proxecto técnico elaborado polo arquitecto técnico C.J.R. en data novembro de 2016 e autorización da Axencia Galega de Infraestruturas de data 15 de febreiro de 2017. O presuposto de execución das obras ascende a corenta e nove mil oitocentos catro euros con setenta e dous céntimos (49.804,72 €).

**Expediente 1868/2017. Comunicación previa en materia urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 1868//2017.- APERTURA Nº 1870/2017.- Dáse conta da comunicación previa presentada por SUN FRUIT SPAIN SL, con enderezo a efectos de notificacións en PG Monte Faquiña, nº 110-Mos, titular CIF B36982973, para obras consistentes en acondicionamento de local para froitería sito na Avda. Montero Ríos, nº 14-baixo-Cangas, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente; proxecto de acondicionamento e actividade elaborado polo enxeñeiro industrial Diego Patiño Cambeiro, visado o 22.03.2017 polo colexio correspondente. O presuposto de execución das obras ascende a vinte mil oitocentos cincuenta e tres euros con cincuenta e catro céntimos (20.853,54 €).

**Expediente 1340/2017. Infracción urbanística-25/2015 (MARTA SIO COSTAS)**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE SANCIONADOR POR INFRACIÓN URBANÍSTICA Nº 25/2015-S

PROPOSTA DE SANCIÓN PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o expediente de referencia iniciado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 8 de febreiro do 2016, resulta que:

PRIMEIRO.- Por parte de M.S.C., e segundo consta no expediente anterior de restauración da legalidade urbanística, efectuáronse no lugar de Nerga-O Hío, obras consistentes en realizar un cerramento de bloques e postes de formigón cunha altura de 1,90 metros, sendo a construción de carácter ilegalizable. Dito expediente rematou cunha Resolución de Alcaldía de data 27.10.2015, outorgando un prazo de TRES MESES para axustar as obras executadas á licenza de obras nº 23.668.

SEGUNDO.- Dentro do prazo outorgado neste expediente de sanción para formular alegacións ou para aportar documentos e informacións, con data 4 e 11 de marzo do 2016 respectivas ao



expediente de sanción manifestando que:

- Se están levando a cabo as obras de adaptación para adecuar dito cerramento á licenza concedida nº 23668; indica que xa se retiraron os postes de metro noventa para os cales non contaba con licenza e se está axustando o resto á licenza outorgada.

- Que se archive o expediente ou se proceda á cualificación da infracción como leve, no seu grao mínimo.

- Indica así mesmo, que o cerramento é unha obra autorizable en solo rústico de especial protección, de conformidade co previsto na Disposición Transitoria 1 f) da LOUG.

Vistos os informe da inspección municipal de data 16 de marzo de 2016 e do técnico municipal da mesma data, procede desestimar as alegacións presentadas xa que a altura do cerramento segue sen axustarse á licenza municipal e tal e como indica o arquitecto municipal as obras son incompatibles co establecido nas NN.SS para o solo SNU-EN.

TERCEIRO.- Que se ten que declarar probado sen necesidade de práctica de proba a existencia de obras, o que constitúe unha infracción urbanística tipificada no artigo 216 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, do solo de Galicia, podendo clasificarse como grave, segundo o determina o artigo 217.3 da mesma norma citada.

CUARTO.- Que Marta Sio Costas na súa calidade de promotora é responsable directa da referida infracción.

QUINTO.- Que de acordo co establecido nos artigos 158 e 161 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia e 55 do Regulamento de disciplina urbanística, a entidade da infracción cometida, en canto á gravidade da materia se refire, é o suficiente importante para graduar a sanción a impoñer na súa contía 6.001 euros. Indicar á interesada que por legalizar as obras realizadas antes da resolución do presente expediente reducirase a contía da sanción nun 90%.

SEXTO.- Que de conformidade co sinalado no art. 19.2 do Rd 1398/93, de 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade de sanción, cabe prescindir do trámite de audiencia sinalado no apartado 1 do artigo citado.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes de sanción en materia de disciplina urbanística, A Xunta de Goberno Local, acorda:

\* Impoñer a Marta Sio Costas, na súa calidade de promotora, unha multa de sanción de 6.001 euros, por infracción, ao ter cometido obras no lugar de Nerga-O Hío, consistentes en realizar un cerramento de bloques e postes de formigón cunha altura de 1,90 metros.

De conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, advírtese á interesada que a presente multa reducirase na súa contía nun 50 por cento se é pagada no prazo de quince días a partir da notificación da multa e o infractor amosa por escrito a súa conformidade con esta e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo.



<b>Expediente 2623/2017. Devolución de fianza ou cancelación de aval</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
<p><u>Primeiro.-</u> Recoñecer a devolución da garantía constituída por importe de noventa e nove mil cincuenta euros (99.050,00 €) depositada pola empresa "UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN SA", para a realización da obra "Reordenación da rede de distribución no Concello de Cangas".</p> <p><u>Segundo.-</u> Notificar este acordo á interesada.</p>	

<b>Expediente 1188/2017. C-17/05 (Contratación de orquestras Festas do Cristo-2017)</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
<p>Vista a Providencia da Alcaldía de data 23.03.2017 pola que se inicia o expediente administrativo para a adxudicación do contrato administrativo de servizo de contratación das orquestras para as Festas do Cristo 2017.</p> <p>Visto que o Interventor municipal emitiu documento de retención de crédito o día 24.03.2017 (asentamento nº 01972).</p> <p>Visto que o día 24.04.2017 polo departamento de Apoio Xurídico se incorporaron ao expediente os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán esta licitación e que constan no expediente os preceptivos informes de Secretaría (26.04.2017) e Intervención (informe 2017-0008 [SCM-036-17] ).</p> <p>Por todo o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:</p> <p><u>Primeiro.-</u> Aprobar o expediente de contratación do SERVIZO DE CONTRATACIÓN DE ORQUESTRAS PARA AS FESTAS DO CRISTO 2017, xunto cos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán o procedemento de licitación e que constan como anexos a este acordo.</p> <p><u>Segundo.-</u> Autorizar o gasto que para o Concello supón esta contratación con cargo á aplicación 338.22699 do vixente orzamento municipal.</p> <p><u>Terceiro.-</u> Abrir o procedemento de licitación mediante procedemento aberto e tramitación ordinaria, debendo publicar o correspondente anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no Perfil de Contratante.</p> <p><u>Cuarto.-</u> Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Apoio Xurídico e Intervención.</p>	





**Expediente 1335/2017. Requirimento posto nº 29 da Praza de Abastos**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta da Concelleira de desenvolvemento económico e emprego local sobre renuncia da titular da concesión do posto de peixe nº 29 do mercado municipal de abastos.

Visto o escrito de M.A.I.M., con rexistro de entrada nº 4401 do 24.04.2017, polo que solicita a baixa do posto de peixe nº 29 do que é titular no Mercado Municipal de Abastos. Visto o disposto no artigo 45 do Regulamento do Mercado Municipal de Abastos de Cangas (BOP nº 156 do 16.08.2005) relativo as causas de finalización da concesión, que prevé como un dos supostos de extinción dos dereitos de ocupación dos postos a “renuncia do titular”. Visto o establecido no artigo 47 do citado regulamento que establece que á extinción dos dereitos de ocupación, calquera que fose a causa, os titulares haberán de abandonar e deixar libres e baleiros, a disposición do Concello, os bens obxecto de utilización.

Á vista do anteriormente exposto propono A Xunta de Goberno Local, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da renuncia formulada por M.A.I.M., á concesión sobre o posto de peixe nº 29 do Mercado Municipal de Abastos de Cangas e declarar en consecuencia extinguida a concesión demanial da que era titular, recordándolle que debe abandonar e deixar libres e baleiros, a disposición do Concello, os bens obxecto da concesión.

Segundo.- Dar traslado deste acordo á interesada xunto cos recursos procedentes, así como aos departamentos municipais de Tesourería e Concellería de Desenvolvemento Económico e Emprego Local, co fin de deixar constancia no expediente dos postos e a súa comunicación ao conserxe da Praza.

**Expediente 254/2017. PROPOSTA AUTORIZACIÓN LICENZAS VENDA AMBULANTE MERCADIÑO-2017**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

**PROPOSTA DE PRÓRROGA DAS LICENZAS MUNICIPAIS DE VENDA AMBULANTE PARA O ANO 2017**

I.- O Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas (BOP da provincia de Pontevedra nº 67 do 8 de abril de 2013) no seu capítulo IV prevé que as autorizacións se outorgan por períodos anuais, sendo obxecto de renovación previa solicitude do interesado por períodos sucesivos coincidentes co ano natural previa presentación da documentación orixinal esixida polo Concello.

Por tal motivo, rematado o período de autorización correspondente ao ano 2016, os titulares foron requiridos co fin de que solicitasen a preceptiva renovación para o ano 2017 no modelo formalizado proporcionado outorgando un período de tempo para tal efecto.

II.- O Órgano competente para o outorgamento das licencias municipais é a Xunta de Goberno Municipal, segundo o artigo 18.2 do regulamento que dispón que se concederán “*previa*



Concello de Cangas

*comprobación dos requisitos legalmente establecidos”.*

III.- Comprobada a documentación presentada polos interesados dentro do prazo outorgado para a renovación de licencias, despois de emendar as deficiencias observadas inicialmente por cumprir cos requisitos esixidos procede adoptar o presente acordo polo que se outorga a renovación para o presente ano 2017 das licencias municipais de venda ambulante das que son titulares as persoas que a continuación se identifican.

IV.- Do mesmo xeito procede tralo remate do proceso indicado declarar revogadas as licencias de venda ambulante daqueles titulares que non presentaron a súa solicitude de renovación dentro do prazo outorgado.

Á vista do anteriormente exposto, a Xunta de Goberno Local ACORDA:

Primeiro.- Renovar as licencias municipais de venda ambulante para o ano natural 2017 ao abeiro do disposto no Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas (BOP 08.04.2013) a:

-Ref: 78. F.J.B.

Segundo.- Dar traslado deste acordo aos interesados xunto cos recursos procedentes, así como aos departamentos municipais de Tesourería, Estatística e Concellería de desenvolvemento económico e emprego local.

### **Expediente 2569/2017. REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN DOS ACTOS DE BENVIDA Á COMUNIDADE OU ACOLLEMENTOS CIVÍS**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta de Xoán C. Chillón Iglesias, Concelleiro de Ensino e Deportes.

A Xunta de Goberno Local, acorda:

1.- Aprobación do Regulamento de organización dos actos de benvida á comunidade ou acollementos civís, segundo o seguinte texto:

**REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN DOS ACTOS DE BENVIDA Á COMUNIDADE OU ACOLLEMENTOS CIVÍS**

**CARTA DECIDADANÍA – NOMINIARIA -**

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

**ÍNDICE DE ARTIGOS**

**ARTIGO 1.- OBXECTO DO REGULAMENTO**

**ARTIGO 2.- FINALIDADE**

**ARTIGO 3.- PERSOAS SUXEITAS**

**ARTIGO 4.- REQUISITOS**

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



ARTIGO 5.- PROCEDEMENTO

ARTIGO 6. - CELEBRACIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

“...Neste ano 2017 cúmprense os 58 anos da Declaración Universal de Dereitos da Infancia e os 28 anos da Convención de Dereitos da Infancia, ambas aprobadas pola Asemblea Xeral de Nacións Unidas. Nos nomeados documentos conságranse unha serie de dereitos de carácter universal, indivisible e interdependente, incumbindo a todos os poderes públicos a responsabilidade de garantilos. Pero o recoñecemento destes, así como os mecanismos que permiten a súa aplicación e protección resultan aínda insuficientes, nomeadamente no relativo aos dereitos sociais, económicos e culturais. A vida actual esixe precisar mellor certos dereitos e impón o recoñecemento doutros novos.

A tolerancia, que leva á sociedade democrática, comporta o dereito de que ningunha persoa sexa criticada por optar libremente, en asumir compromisos persoais e celebrar actos conforme á pluralidade. O Concello, con fundamento nos artigos 10, 14 e 16 da Constitución Española considera que unha das canles axeitadas para a formación da cidadanía activa é facilitar e potenciar a conciencia de pertenza ao seu Concello e á súa cidadanía. O nacemento é a chegada e incorporación á comunidade cun conxunto de dereitos e obrigas que como cidadán lle corresponden. Emporiso, en uso das facultades que confire a este Concello o art. 25 e 4 da Lei de Bases de Réxime Local resulta conveniente establecer os procedementos oportunos para celebrar a benvida social dun/a novo/a cidadán/a ao Concello con connotacións meramente civís.

Neste contexto, o Concello amósase como o espazo político social máis axeitado para facer fronte ás demandas dos máis cativos, por ser a administración pública máis próxima a eles. É así como o Concello de Cangas debe fomentar, por todos os medios dos que dispón, o respecto da dignidade de todos os nenos e nenas e a calidade de vida dos que habitan no termo municipal, creando as condicións precisas para que poidan gozar da súa infancia.

No respecto da liberdade de elección nos ámbitos educativo, relixioso, cultural e político, o Concello debe adoptar medidas para protexer a infancia e fomentar a educación sobre as bases da democracia, tolerancia e a posibilidade de plena participación na vida municipal, facilitando o acceso á educación dos nenos e nenas e poñendo a disposición de todos os espazos e os centros escolares, educativos e culturais precisos, nun contexto multicultural e de cohesión social.

O Concello de Cangas toma en consideración as súas necesidades cando exerce as súas competencias, especialmente en materia de vivenda, educación, atención e prevención sanitaria, medio ambiente, as catro erres dos residuos sólidos urbanos, control sobre produtos alimenticios, consumo, cultura, deporte, amor á natureza, espectáculos, medios de comunicación, transportes e espazos libres no contorno urbano. En particular, aténdese á adecuada regulación e supervisión daqueles espazos, centros e servizos nos que permanecen habitualmente nenos e nenas, no que se refire ás súas condicións físico-ambientais, hixiénico-sanitarias e de recursos humanos e aos seus proxectos educativos, participación das persoas menores de idade e demais condicións que contribúen a asegurar os seus dereitos.

Os “acollementos civís” ou “actos de benvida á comunidade” dos nenos e nenas de Cangas institucionalizan o compromiso do Concello cos seus dereitos, que son símbolo do progreso da humanidade, e en particular coa Declaración Universal de Dereitos da Infancia de 1959 e coa



Convención sobre os Dereitos da Infancia de 1989. Neste contexto, o Acto de Benvida á Comunidade é un acto de natureza civil e laica que ten por finalidade a presentación dos nenos e nenas á sociedade, coa pretensión de que se sintan integrados na comunidade e partícipes de dereitos, liberdades e deberes que a todos atinxen.

Con este Acto preténdese iniciar aos nenos e nenas do Concello no longo camiño das actitudes cívicas, que os conduzan a un porvir pacífico baseado nos valores indivisibles e universais da dignidade humana, a liberdade, a igualdade e a solidariedade. Este obxectivo maniféstase no compromiso dos pais e das nais ou representantes legais, xunto cos padriños e madriñas, con estes valores, para que os cativos e cativas se convertan en cidadáns e cidadás libres e iguais en dereitos e deberes.

#### **Artigo 1.- OBXECTO DO REGULAMENTO**

Constitúe o obxecto do presente documento a regulación da organización do acto social, nomeado “acollemento civil” ou “acto de benvida á comunidade”, en cuxa virtude o Concello fai público un recoñecemento ao neno ou nena que naceu e/ou que vive en Cangas, e se compromete, xunto coa súa familia, a velar pola súa educación e a defender e garantir os seus dereitos.

#### **Artigo 2.- FINALIDADE**

O Acto de Benvida á Comunidade é un acto solemne no que nais e pais, titoras/es que o soliciten, poidan presentar á nomeada Comunidade Veciñal á súa filla/o menor de idade e facer público o seu compromiso de educación en valores cívicos da dignidade das persoas, dándose a benvida como persoa activa da mesma. Este Acto non terá efectos legais administrativos nin presupón privilexio ou preferencia, e si simplemente social e de afirmación de valores e compromisos de igualdade e liberdade. Estes actos de benvida á comunidade reafirman o compromiso do Concello por avanzar cara a unha sociedade máis libre, xusta e democrática, na que os dereitos da infancia gocen dunha protección preferente.

#### **Artigo 3.- PERSOAS SUXEITAS**

Este acto social está dirixido aos nenos e ás nenas nadas ou que vivan no Concello de Cangas.

#### **Artigo 4.- REQUISITOS**

Solicitude para a celebración do acto e documentos.

a.- Presentación dunha Solicitude no Gabinete de Alcaldía do Concello de Cangas, demandando a participación no acto social. Esta solicitude estará asinada por nais, pais ou titores, representante legal da persoa menor, formulada cunha antelación mínima de 15 días.

b.- A solicitude deberá conter os seguintes datos: nome, apelidos, enderezo e identificación da/das persoa/persoas que solicitan a autorización da celebración, con fotocopias compulsadas dos DNI. Caso de que exista matrimonio, requirirase que a solicitude sexa asinada por ámbolos cónxuxes, con fotocopia compulsada do libro de familia na que conste a/o nena/neno.

c.- Nome e apelidos da/do nena/neno para o que pretende celebrar o acto.

d.- Acreditación de empadramento do menor no Concello de Cangas, con aporte de certificado



de empadramento/convivencia no Concello con algún dos seus pais.

e.- A persoa suxeita a este acto non debe ter unha idade superior a dous (02) anos.

f.- Día e hora da preferencia para a celebración do Acto de Benvida á Comunidade, se ben esta preferencia no representará un dereito.

g.- Observacións sobre as preferencias sobre o acto a celebrar, tal como o desexo de pronunciar unhas palabras e previsión de intervencións, así como previsión aproximada de asistentes e elementos materiais, no seu caso, que se pretendan utilizar.

#### Artigo 5.- PROCEDEMENTO

Unha vez presentada toda a documentación, se a solicitude non reunise todos os requisitos, o Gabinete de Alcaldía comunicará ás persoas interesadas que non procede a súa tramitación. De estar completa tramitarase a petición, comunicándose no prazo de quince días á persoa solicitante o día e lugar de celebración do acto.

As nais e os pais poderán designar dúas persoas como máximo que actuarán como madriñas e padriños no acto, asumindo os mesmos compromisos que aqueles en canto á formación do neno ou nena nos principios e valores democráticos, e debendo velar polo respecto dos seus dereitos.

A data e hora da celebración do acto serán fixadas pola Alcaldía ou Concellería en quen delegue, atendendo na medida do posible os desexos dos/as solicitantes. A Alcaldía ou Concellería en quen delegue, determinará o local do Concello no que se vaia a realizar o acto, establecendo estas circunstancias por resolución da Alcaldía.

#### Artigo 6.- CELEBRACIÓN

Lugar de celebración.- O Concello destinará un lugar digno e axeitado para a celebración do acto, preferentemente o Salón de Plenos. A Alcaldía, ou concellería en quen delegue, poderán autorizar o uso de calquera dos espazos reservados para tal fin, previa recepción da documentación que debe remitir a persoa ou familiar do neno/nena que vaia a ser acollido nesta benvida.

Presidencia.- O Acto será presidido e dirixido polo/pola alcalde/alcaldesa ou concelleiro/concelleira en quen delegue. Orientativamente desenvolverase con palabras de benvida por parte da presidencia, destacando os valores de igualdade, solidariedade, tolerancia e demais valores democráticos, procedéndose á lectura ao neno ou nena e aos seus representantes legais e padriños e madriñas da Declaración dos Dereitos da Infancia proclamada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas na súa Resolución 1386 (XIV), do 20 de novembro de 1959, e/ou da Convención sobre os Dereitos do Neno de 1989 ( artigos 6, 12 e 27).

Representación.- As/Os representantes legais ou padriños e madriñas formularán o compromiso de educalo/educala segundo os principios que se recollen neste texto e nas demais normas vixentes.

Os actos poderán ser individuais ou colectivos, podendo asistir os familiares e amizades do neno ou nena, coas únicas limitacións o aforo da sala ou espazo no que se realice a cerimonia. Se se fan fotografías ou gravacións audiovisuais deberán contar coa conformidade da representación da/do menor e realizaranse de tal xeito que non menoscabe a solemnidade do



Acto.

Acta.- Do Acto levantarase a correspondente acta que estenderá quen a dirixa, na que constarán a data e a hora, a mención da Alcaldía ou Concellaría quen leve a cabo o mesmo, os datos persoais de quen o tivesen solicitado e da/do menor. A acta así estendida será asinada por quen o teña dirixido, por nais/pais/titoras/es e polo menos dous/dúas testemuñas. As actas inscribíranse no rexistro correspondente creado para o efecto coas proteccións e garantías necesarias suxeitándose estritamente á Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. As persoas interesadas poderán solicitar certificacións das actas do Acto que serán expedidas pola secretaria do Concello ou funcionario en quen delegue, co visto e prace da Alcaldía ou concellería en quen delegue e darán fe do contido das nomeadas actas.

**Expediente 822/2017. Dación de conta de sinatura de convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra, o Concello de Cangas e o Alondras CF, para o desenvolvemento da obra "Instalación e varandas na grada do Alondras CF"**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

DACIÓN DE CONTA DE SINATURA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, O CONCELLO DE CANGAS E O "ALONDRAS CF", PARA O DESENVOLVEMENTO DA OBRA "INSTALACIÓN E VARANDAS NA GRADA DO ALONDRAS CF"

Visto o convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra, o Concello de Cangas e o "Alondras CF", para o desenvolvemento da obra "Instalacións e varandas na grada do Alondras CF", asinado en data do 29.03.2017 e cuxo importe ascende a sesenta mil douscentos trece euros con cincuenta e catro céntimos (60.213,54 €) que é achegado pola Deputación de Pontevedra.

A Xunta de Goberno Local, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da sinatura o día 29 de marzo de 2017 de convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra, o Concello de Cangas e o "Alondras CF", para o desenvolvemento da obra "Instalacións e varandas na grada do Alondras CF", e cuxo importe ascende a sesenta mil douscentos trece euros con cincuenta e catro céntimos (60.213,54 €) que é achegado pola Deputación de Pontevedra.

Segundo.- Dar a adecuada publicidade ao convenio nomeado e dar traslado deste ao Portal de Transparencia.

**Dación da Resolución de Alcaldía de aprobación da conta xustificativa da subvención do programa do CIM 2016-2017**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento



“RESOLUCIÓN

APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA O PROGRAMA CIM-ANO 2016 E PRIMEIRO TRIMESTRE 2017

Vista a documentación que consta no expediente da axuda concedida a esta entidade, polo importe total de vinte e nove mil novecentos seis euros con oitenta céntimos (29.906,80 €) para o PROGRAMA CIM-2016 e primeiro trimestre 2017, concedida ao abeiro da Resolución da Secretaría Xeral da Igualdade de data do 15 de decembro de 2016, pola que se resolve as solicitudes de axudas e subvencións a entidades locais para a promoción da igualdade, convocadas pola Resolución do 1 de setembro de 2016 e cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

E de conformidade co artigo 21.1 da Lei reguladora das bases de réxime Local, RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a seguinte conta xustificativa polo importe total de trinta mil trescentos once euros con setenta céntimos (30.311,70 €) da axuda concedida a esta entidade, polo importe total de vinte e nove mil novecentos seis euros con oitenta céntimos (29.906,80 €) para o PROGRAMA CIM-2016 e primeiro trimestre 2017, concedida ao abeiro da Resolución da Secretaría Xeral da Igualdade de data do 15 de decembro de 2016, pola que se resolve as solicitudes de axudas e subvencións a entidades locais para a promoción da igualdade, convocadas pola Resolución do 1 de setembro de 2016 e cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, pola toma de razón na contabilidade que os gastos totais imputables á actuación subvencionada son os que se relacionan a continuación:

Nome e apelidos NIF Denominación posto	Número de horas	Importe horas do 01.04.2016 ata o 30.11.2016	Importe horas do 01.12.2016 a 31.03.2017
P.T.G. Dirección e Psicóloga	01/04/2016 a 30/11/2016 837 horas 01/12/2016 a 31/03/2017 418 horas	16.254,54	8.117,56
P.P.P. Asesora Xurídica	01/04/2016 a 30/11/2016 185,35 horas 01/12/2016 a 31/03/2017 120,50 horas	3.599,49	2.368,11
Total xustificación		19.854,03	10.485,67

Segundo.- Declarar que para esta mesma finalidade que se xustifica non foi solicitada nin obtida subvención de ningunha outra entidade pública ou privada, polo que o único importe que se vai percibir para este programa é o concedido a través da resolución mencionada.

Terceiro.- Declarar que se deu cumprimento coa finalidade da axuda concedida e os fondos





Concello de Cangas

aplicáronse ao fin obxecto da subvención.

Cuarto.- Dar conta da presente resolución na vindeira Xunta de Goberno Local que se realice".

Así o dispoño, en Cangas, a vinte e seis de abril de dous mil dezasete".

A Xunta de Goberno Local queda avisada.

## PROPOSTA AUTORIZACIÓN LICENZAS VENDA AMBULANTE MERCADIÑO-2017

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta da Concelleira de desenvolvemento económico e emprego local relativa a transmisión de autorización do posto de venda ambulante nº 182

### ANTECEDENTES

Por escrito de data de rexistro de entrada 17.02.2017, M.Y.N.L., con enderezo en El Marco, nº 18-Estribela-Lourizán, solicita o cambio de titularidade do posto do que é titular a favor de J.C.O., domiciliado en El Marco, nº 18-Estribela-Lourizán, que manifesta a súa intención de adquirir dita autorización.

Á solicitude anterior achégase a documentación acreditativa dos requisitos necesarios para que se produza a transmisión.

### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I.- A Lei 13/2010 de Comercio Interior de Galicia establece no seu artigo 76 que as licencias serán transferibles a outras persoas físicas ou xurídicas que cumpran os requisitos establecidos no artigo 72.2 da citada norma, previa comunicación á administración competente.

II.- O artigo 16 da vixente Ordenanza municipal reguladora da venda ambulante no termo municipal de Cangas (BOP 25.04.2013) nesa mesma liña prevé a transmisibilidade das autorizacións municipais de venda ambulante cumprindo cos requisitos establecidos neste polo tempo restante da licenza e previo pagamento da taxa correspondente.

III.- No presente caso, vista a documentación presentada xunto coa solicitude, danse as circunstancias para outorgar a transmisión solicitada a favor do adquirente J.C.O.

IV.- O órgano competente para autorizar a transmisión que se comunica é a Xunta de Goberno Local con base no disposto no artigo 16.2 da ordenanza municipal.

Dito o que antecede a Xunta de Goberno Local, acorda:

**PRIMEIRO.-** Estimar a solicitude de cambio de titularidade da autorización de venda ambulante do posto nº 182 do mercado dos venres, da que era titular M.Y.N.L. a favor de D. J.C.O., adoptando as disposicións oportunas para a súa formalización.

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850





Concello de Cangas

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo aos interesados, así como á Concellería de desenvolvemento económico e emprego local, Estatística, e Tesourería.

#### Expediente 972/2017. XUSTIFICACION CONVENIOS

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

#### PROPOSTA DE ALCALDÍA

Visto que con data 11 de xaneiro de 2016 asinouse o convenio realizado entre o Concello de Cangas e a Asociación Protectora de Animais do Morrazo que ten por obxecto a recollida, albergue e custodia de cans recollidos pola propia asociación ou polos servizos municipais, instrumentando a subvención prevista nomeadamente nos orzamentos municipais para o ano 2016 (base de execución 21).

Visto que con data 27 de abril de 2017 (registro número 4571) a Asociación Protectora de Animais do Morrazo presentou a documentación xustificativa correspondente ao primeiro trimestre do 2017, por importe de tres mil oitocentos noventa e sete con oitenta e seis euros (3.897,86 €).

Visto o informe favorable de intervención de data 3 de maio de 2017.

Propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Aprobar a xustificación da subvención realizada pola Asociación Protectora de Animais do Morrazo, correspondente ao primeiro trimestre de 2017 e proceder ao pago de tres mil setecentos cincuenta euros (3.750,00 €).

**SEGUNDO.-** Notificar Asociación Protectora de Animais do Morrazo o presente acordo e comunicar esta a Intervención e Tesourería municipais para os efectos oportunos.

#### Expediente 2427/2017. Aprobación da convocatoria do proceso selectivo persoal laboral temporal Plan Concellos 2017

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

Vistas as bases reguladoras do Plan de obras e servizos 2017 (Plan Concellos) convocado por acordo do Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra de data 28.12.2016 (BOP do 30.12.2016) e resolto por acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de data 24.03.2017.

Visto que a Deputación Provincial de Pontevedra, en sesión ordinaria da súa Xunta de Goberno do día 24.03.2017, aprobou entre outros, conceder a subvención solicitada para a contratación de 29 traballadores/traballadoras ao Concello de Cangas dentro do citado plan.

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Visto que a competencia para aprobar as bases de selección de persoal corresponde á Xunta de Goberno Local, en función da delegación realizada por acordo do Concello Pleno de data 02.07.2015.

En consideración ao anteriormente exposto A Xunta de Goberno Local, acorda:

**PRIMEIRO.-** Aprobar as bases para a selección de 29 traballadores, segundo o acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra de data 24.03.2017 ao abeiro do Plan de obras e servizos 2017 (Plan Concellos), convocado por acordo do Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra de data 28.12.2016 (BOP do 30.12.2016), bases que literalmente din:

“BASES PARA A SELECCIÓN DE 29 TRABALLADORES SEGUNDO O ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA DE DATA 24.03.2017 AO ABEIRO DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS 2017 (PLAN CONCELLOS), CONVOCADO POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA

**PRIMEIRA.-** OBXECTO, RÉXIME DE CONTRATACIÓN E SISTEMA DE SELECCIÓN

O obxecto das presentes bases é a selección e posterior contratación de 29 traballadores de acordo co Plan de obras e servizos 2017 (Plan Concellos), convocado por acordo do Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra de data 28.12.2016 (BOP do 30.12.2016) e resolto por acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de data 24.03.2017 distribuídos do xeito que a continuación se pormenoriza:

Nº de traballadores e servizo	Importe bruto mes Importe S.S. mes	Total SB 6 meses	Total SS 6 meses	Indemnización fin contrato
6 peón varredores Limpeza viaria	1.403,69 487,08	50.532,72	17.534,85	280,74
1 peón emerxencias Protección Civil	1.403,69 487,08	8.422,13	2.922,48	46,79
1 conserxe instalación deportiva. Conserxería	1.456,64 477,05	8.739,84	2.862,30	48,55
12 peóns agrícolas Brigada Obras	1.403,69 530,59	101.065,44	38.202,74	561,48
4 peóns albaneis Brigada Obras	1.403,69 530,59	33.688,48	12.734,25	187,16



**Concello de Cangas**

3 peóns xardineiros	1.403,69	25.266,36	9.550,68	140,37
Brigada Obras	530,59			
1 condutor	1.569,40	9.416,40	3.559,40	52,31
Brigada Obras	593,23			
1 auxiliar administrativo	1.569,40	9.416,40	3.083,87	52,31
Gabinete Alcaldía	513,98			
TOTAL		246.547,77	90.450,57	1.369,71

Respecto ao réxime de contratación e retribucións será o de un contrato laboral a tempo completo obra ou servizo a tempo completo (modelo 401) e coas percepcións que se reflicten no cadro anterior por un período de seis meses que, de acordo co disposto nas bases do Plan de obras e servizos 2017 (Plan Concellos), convocado por acordo do Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra de data 27.11.2015 (BOP do 02.12.2015) liña 4, está destinado á contratación de persoas desempregadas, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e que estean dispoñibles para o emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección coma no da formalización do contrato.

Efectuada a selección dos traballadores/traballadoras, o Concello de Cangas procederá á súa contratación, utilizando a modalidade de contrato de duración determinada por obra ou servizo a tempo completo (modelo 401) e coas percepcións que se reflicten no cadro anterior.

O sistema de selección será o de oposición.

**SEGUNDA.- CONDICIÓN DOS/DAS ASPIRANTES**

Para tomar parte nesta convocatoria e proceso de selección será necesario que os/as aspirantes reúnan as seguintes condicións:

Ter nacionalidade española ou algunha outra que, consonte o disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, permita o acceso ao emprego público.

- 1 Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.
- 1 Non padecer enfermidade nin defecto que impida o normal desenvolvemento das funcións inherentes ao posto de traballo.
- 1 Non se require titulación académica específica (DA 7ª EBEP) excepto no caso do/a auxiliar administrativo que debe contar como requisito mínimo co ciclo medio de xestión administrativa.
- 1 Non ter sido apartado mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás comunidades autónomas ou as entidades locais, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- 1 Non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade.

**Concello de Cangas**



- 1 Ser persoas desempregadas, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e que estean dispoñibles para o emprego, sendo remitidos por este servizo para participar neste proceso selectivo.
- 1 Contar co permiso de conducir que habilite para o manexo do tractor e remolque, así como da escavadora municipal para o posto de condutor.

Todos os requisitos sinalados no apartado anterior deberán posuílos os aspirantes tanto no momento da selección como no da formalización do preceptivo contrato laboral.

#### **TERCEIRA.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES**

O Concello de Cangas solicitará os traballadores e traballadoras desempregados acordes ao perfil a seleccionar mediante presentación de oferta de emprego na Oficina de Emprego de Cangas en cumprimento do disposto no acordo de Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra.

Esta oficina realizará unha sondaxe de demandantes que cumpran as condicións anteriormente citadas aos que se lles comunicará a existencia desta oferta de emprego para que poidan concorrer a esta.

O Concello de Cangas resérvase o dereito a solicitar sondaxes complementarias á oficina de emprego no caso de que non se acade un *ratio* mínimo de dous candidatos interesados por posto a seleccionar.

Os/as candidatos/candidatas remitidos polos servizos públicos de emprego constituirán o listado de admitidos ao proceso selectivo debendo presentarse para a formalizar a súa instancia de participación e recibir información sobre o desenvolvemento do proceso selectivo no día hora e lugar que se lles indique na comunicación que reciban desde a Oficina Pública de Emprego.

O feito de figurar incluído na relación de admitidos non prexulga que se lle recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no proceso selectivo convocado, dos cales poderá ser esixida xustificación documental en calquera momento anterior á formalización dos contratos. Igualmente en calquera momento anterior a realización do proceso de selección poderá excluírse a calquera aspirante da relación de admitidos de comprobarse que non reúne os requisitos establecidos na convocatoria.

#### **CUARTA.- DATA, HORA E LUGAR DE EXAME**

Os aspirantes, na reunión para a que sexan convocados polo servizo público de emprego serán convocados para a realización das diferentes probas en función do posto para o que foron preseleccionados con indicación do día hora e lugar na que deberá estar presentes para a realización do chamamento e posterior realización dos exercicios da fase de oposición de cada categoría de acordo cos criterios de distribución que estableza o tribunal.

#### **QUINTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR**

Establécese unha comisión de selección ou tribunal cualificador para a selección dos aspirantes en función dos servizos que se recollen na base primeira, este tribunal xulgará as probas, garantindo e supervisando o correcto desenvolvemento do proceso en todas as súas fases. Estará composto por cinco membros. Non poderá constituírse sen a asistencia da metade mais un dos seus membros titulares ou suplentes.



Os membros titulares e suplentes terán igual ou maior titulación ca esixida aos aspirantes á praza convocada e terán voz e voto.

Os/as membros do tribunal deberán absterse de intervir, comunicándollo á Alcaldía cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime xurídico do sector público.

Así mesmo, os aspirantes, poderán recusar aos membros do tribunal cando nestes mesmos concorran algunha das circunstancias previstas para a abstención, de conformidade co establecido no art. 23 e 24 da Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime xurídico do sector público.

A composición efectiva do tribunal é a seguinte:

**PRESIDENTE:** Fabián Fernández Gómez

**SECRETARIO:** José Carlos Barreiro Miranda

**Vocal 1º:** Carmen Gómez Cancela

**Vocal 2º:** M<sup>a</sup> Teresa Casal Rivas

**Vocal 3º:** Ángel M. Graña Iglesias

**Suplente indistinto:** Carmen Fandiño Docío

**Suplente indistinto:** Antonio Fernández Fandiño

**Suplente indistinto:** Cesáreo Coya Portas

O tribunal poderá contar coa colaboración dos asesores externos que considere oportunos, que actuarán con voz e sen voto, limitándose a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

O tribunal constituirase con antelación ao inicio da primeira proba da oposición que se establece nas presentes bases a convocatoria do seu presidente.

#### **SEXTA.– SISTEMA DE SELECCIÓN**

O sistema de selección será o de oposición.

#### **SÉTIMA.– FORMA DE DESENVOLVEMENTO E SISTEMA DE CUALIFICACIÓN**

A selección desenvolverase de acordo co seguinte esquema:

##### **PROBA DE OPOSICIÓN**

A oposición constará de dúas partes:

##### **PROBA DE COÑECEMENTOS PROFESIONAIS:**

Proba eliminatoria que se puntuará cun máximo de 98 puntos sendo preciso acadar cando menos 49 puntos para entender superada esta fase e non quedar eliminado/eliminada do proceso de selección.

A proba de coñecementos consistirá na execución dun exercicio práctico e/ou a resposta a unha serie de preguntas que formulará o tribunal por escrito ou oralmente relativos as técnicas de traballo, uso de medios técnicos, ferramentas e/ou vehículos (no seu caso) propios dos diferentes tipos de posto en cada servizo. Para as prazas de conserxe o exercicio práctico e/ou preguntas poderán versar ademais sobre situación das dependencias municipais e funcións que



se desenvolven nestas.

Na selección da praza de auxiliar administrativo se realizará un test escrito de 20 preguntas e 5 preguntas reserva que versará sobre ofimática, xestión administrativa e procedemento administrativo no ámbito local (Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas e Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local), nun tempo máximo de 40 minutos sendo seleccionada a persoa que acade a puntuación máxima.

#### PROBA DE COÑECEMENTO DA LÍNGUA GALEGA

Proba non eliminatória que se puntuará cun máximo de 2 puntos.

Ao remate da proba de coñecementos profesionais o tribunal formulará unha serie de preguntas orais ou escritas ou propondrá un exercicio de tradución dun texto dun mínimo de 5 liñas polos que se determinará o coñecemento da lingua galega dos/das aspirantes. Estarán exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes que acrediten ao tribunal antes da realización da proba a posesión do CELGA axeitado en función da titulación requirida para o acceso ás probas recibindo neste caso 2 puntos.

A puntuación máxima total das probas de oposición será de 100 puntos.

Todos/Todas os/as candidatos/candidatas que concorran á realización da proba, deberán ir provistos/provistas do seu DNI, pasaporte ou permiso de conducir. En caso de non presentar ningún destes documentos, non se lle permitirá a realización da proba.

Os/as aspirantes serán chamados/chamadas para a realización das probas na data, hora e lugar indicados nun único chamamento, quedando excluídos/excluídas do proceso os/as que non comparezan. O tribunal en función dos aspirantes presentados distribuirá o inicio da realización das respectivas probas.

Os/as aspirantes deberán vir provistos de bolígrafo para a realización dos exercicios escritos.

#### OITAVA.- DESIGNACIÓN DA PERSOA APROBADA

Rematado o proceso de selección o tribunal calculará a cualificación final.

No suposto de empate na cualificación final de dous ou máis aspirantes, este desfarase mediante a aplicación dos criterios de preferencia establecidos nas bases da convocatoria do Plan Concellos 2017 (BOP de Pontevedra de 30.12.2016), con base nos datos proporcionados polo Servizo Público de Emprego, os que conte o Concello e, de ser preciso, a declaración xurada que deberán presentar os empatados, a requirimento dos membros do tribunal. Estes criterios valoraranse pola orde que figuran no citado apartado ata desfacerse o empate e de persistir o empate procederáse á realización dunha serie de preguntas adicionais de carácter práctico relativas ás técnicas de traballo e medios e ferramentas de traballo en cada servizo cos aspirantes empatados.

Na selección da praza de auxiliar administrativo o desempate resolverase en primeiro lugar atendendo ao resultado das respostas reserva do exame tipo test, en segundo lugar tomaranse en consideración as respostas ás preguntas do exame tipo test formuladas eliminando ao candidato que cometa o primeiro fallo segundo a orde na que estean formuladas, en terceiro lugar acudirase aos criterios que se sinalan como criterios de preferencia nas bases da Deputación.



A continuación o tribunal fará público o resultado do proceso e elevará a súa proposta de contratación á Alcaldía.

O Concello de Cangas, procederá á contratación laboral temporal dos/das candidatos/candidatas que obtiveran a maior puntuación en función do número de prazas ofertadas especificadas na convocatoria sen prexuízo de que as baixas e renuncias poidan ser cubertas por aqueles aspirantes que obtiveran unha puntuación final superior ao 50% do total posible que serían chamados por orde de puntuación.

#### **NOVENA.- PUBLICIDADE DAS BASES E DA CONVOCATORIA DESTAS**

As presentes bases estarán expostas ao público no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web ([www.cangas.gal](http://www.cangas.gal)) desde o día seguinte a data da súa aprobación, con publicación dun anuncio da convocatoria no BOP co fin de posibilitar a presentación de reclamacións ou suxestións.

De presentarse reclamacións ás bases a selección demorarase ata a resolución desta. De ser aceptada ou aceptadas algunha das reclamacións ou suxestións formuladas. Contra a resolución que estime ou desestime as reclamacións ás bases, non caberá recurso ningún, sen prexuízo de poder recorrer tal circunstancia xunto coa resolución que poría fin ao procedemento.

O taboleiro de anuncios da Casa do Concello será igualmente o medio para dar publicidade a todas as notificacións dos actos que deriven do proceso selectivo iniciado coas presentes bases.

#### **DÉCIMA.- INTERPRETACIÓN DAS BASES**

As presentes bases vinculan á administración local convocante, ao tribunal cualificador e aos aspirantes que participen no proceso.

O tribunal cualificador queda facultado durante o desenvolvemento do proceso de selección para resolvelas dúbidas e incidencias que resulten da súa aplicación, podendo adoptar resolucións, criterios e medidas con aqueles aspectos non regulados na presente convocatoria.

#### **UNDÉCIMA.- NORMA FINAL**

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela poderán ser impugnados polos interesados/interesadas nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Así mesmo a administración municipal poderá, no seu caso, proceder á revisión das resolucións dos tribunais conforme co previsto na mencionada Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

**SEGUNDO.-** Convocar as prazas mencionadas e ordenar que se sigan todos os trámites ata que se proceda á contratación das persoas seleccionadas cumprindo co disposto no citado acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra de 24.03.2017.

**TERCEIRO.-** Que se proceda á publicación das bases de acordo co disposto nestas.

**CUARTO.-** Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na primeira sesión que



**Concello de Cangas**

se realice, en atención á delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015.

**B) ACTIVIDADE DE CONTROL**

Non hai asuntos

**C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES**

Non hai asuntos

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

---

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850